



BASES PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DE DIRECCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "ATRIUM.TIC" CONCELLO DE LUGO.

Primeira .- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da orde do 4 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG nº 79, do 25 de abril de 2019), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal de dirección que participarán no obradoiro de emprego "ATRIUM.TIC", promovido polo Concello de Lugo e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Posto convocado: 1 posto de director/a

Segunda.- Características dos contratos de traballo

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada terá carácter, temporal, cunha duración de seis meses e será a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

De conformidade co establecido no artigo 13 da Orde do 4 de maio de 2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. As persoas seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Terceira- Funcións do posto de traballo

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarse da parte administrativa e de xestión do obradoiro.
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

Cuarta.- Requisitos das persoas candidatas

A persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.





- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da licenciatura ou grao en Humanidades, Xeografía e Historia, Historia do arte, Información e documentación ou Filoloxía clásica e ter experiencia de 12 meses como arquivista/a
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 13.1 (apartados a, b, c) do Real decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

Quinta.- Baremo

Méritos

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

I) Experiencia profesional/docente:

- ✓ Experiencia como director/a en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2,0 puntos.
- ✓ Experiencia profesional coa titulación ou na ocupación exixida nestas bases para o posto de traballo: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo nos últimos 10 anos ata un máximo de 3,0 puntos. O período mínimo de experiencia profesional exixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- ✓ no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salários.
- ✓ no caso de traballadores/as autónomo/ass: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Agencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- ✓ no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos recibidos:

- ✓ Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50 puntos.
- ✓ Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

Soamente se valorará o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima neste apartado 1 punto.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.



III) Coñecementos de lingua galega:

- ✓ Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- ✓ Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de 0,50 puntos.

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente.

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística,

Sexta.- Oferta de emprego

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentarase a oferta na oficina de emprego de Lugo, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- **Ámbito xeográfico:** concello de Lugo. De non atoparse candidatos ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatos/as (dando prioridade a aqueles concellos que non teñan concedido este ano un obradoiro de emprego). Se non se acadan eses 3 candidatos/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico e en último caso, se fose necesario a oferta será obxecto de difusión pública.
- **Número de postos:** 1
- **Número de candidatos a remitir:** 3 candidatos/as por posto
- **Ocupacións ou postos de traballo relacionados:** licenciatura ou grao en Humanidades, Xeografía e Historia, Historia do arte, Información e documentación ou Filoloxía clásica
- **Requisitos:** Experiencia mínima de 12 meses como arquivista/a, Acreditar a competencia docente

A oficina de emprego remitirá ao grupo de traballo mixto a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a entrevista persoal, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación, en orixinal ou copia compulsada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, así como dunha copia para entregar ao grupo mixto.

A selección terá lugar o 24 de setembro de 2019 as 9,00 horas no Cei Nodus

Sétima- Procedemento de selección

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e nunha valoración de méritos.

O grupo de traballo mixto en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.





A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto na base 5ª, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo grupo mixto.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo mixto procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

As persoas candidatas que na data do remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na súa páxina web, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego.

Terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego.

Se todas as persoas candidatas están en situación de desemprego, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- A persoa de maior idade.

O grupo mixto asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

Oitava- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposto polo grupo de traballo mixto atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpria cos requisitos que figuran nestas bases, para o que deberá aportar á entidade promotora do proxecto para a súa contratación certificado médico oficial, no que se certifique que a persoa interesada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño dos traballos a realizar no obradoiro de emprego " e declaración xurada de non ter sido separada, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitada para o exercicio da función pública.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propondrá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que houberen superado o proceso selectivo, procederáse a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Secretaría Xeral de Emprego
Dirección Xeral de Orientación
e Promoción Laboral



Fondo Social Europeo
Iniciativa de Emprego Xuvenil
O FSE inviste no teu futuro

galicia

Novena.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este grupo de traballo mixto no prazo de 2 días naturais, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas nos lugares sinalados na base sétima, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décima.- Publicidade das bases:

Estas bases serán publicadas nas páxinas web do Programa operativo de emprego xuvenil (<http://garantiaxuvenil-des.conselleriadefacenda.gal7>) e da entidade promotora, así como nos taboeiros de anuncios desta última, da oficina de emprego que tramite a oferta e da xefatura territorial.

Lugo a 11 de setembro de 2018

Isabel Villamor Cabado

Norman Javier Veiga Alvarez

Emilio Cotarelo Rodil

Francisco Quinzá-Torroja García



Xacobeo 2021